


Repasa este esquema e comproba que es quen de describir correctamente:

1. O influxo dos factores xeográficos e termodinámicos sobre as características climatolóxicas concretas dunha rexión.
2. A situación concreta dos diferentes tipos de tempo que reflicten os mapas de superficie ou en altura.
3. Os tipos e subtipos de clima partindo dun climograma xa elaborado ou dunha serie anual de precipitacións e temperaturas como as das prácticas que propomos



Para **analizar e comentar climogramas** podes ter como referente a seguinte proposta

## Elaboración e comentario dun climograma

Un climograma ou diagrama ombrotérmico é un gráfico que representa as temperaturas medias mensuais e as precipitacións medias mensuais dun lugar ao longo do ano.

### 1. Elaboración

Sobre unha folia de papel milimetrado trázase un eixe horizontal e á esquerda e á dereita deste, dous eixes verticais.

- No eixe horizontal sitúanse os meses do ano. A inicial do mes debe estar no centro do espazo.
- No eixe vertical da esquerda represéntanse, mediante puntos, as temperaturas medias mensuais desde 0 °C, de 5 °C en 5 °C. O punto debe colocarse no centro do espazo correspondente a cada mes. Se a temperatura baixa de 0 °C prolóngase o eixe vertical das temperaturas por debaixo da liña horizontal dos meses. No eixe vertical da dereita represéntanse, mediante barras, as precipitacións medias mensuais a dobre valor que os graos de temperatura (de 10 en 10 mm). A barra debe ocupar todo o espazo correspondente a cada mes.
- O climograma debe completarse cun título; a indicación da altitude; a temperatura media anual (media da temperatura media mensual); e o total de precipitacións (suma da precipitación media mensual). Tamén debe incluírse a fonte dos datos, se se coñece.

### 2. Comentario

#### Ficha para o comentario e a clasificación dos climas de España

1. Trazos xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Gráfico que mostra a distribución das temperatura medias mensuais e das precipitacións medias mensuais ao longo do ano.</li> <li>■ Fonte dos datos, se se coñece.</li> <li>■ Lugar ao que corresponde o climograma e altitude, se constan.</li> </ul>		
2. Análise das precipitacións	2.1. Total anual	Moi abundante: > 1000 mm.	Clima de montaña.
		Abundante: > 800 mm.	Clima oceánico.
		Moderado (entre 800 e 500 mm) ou escaso (entre 500 e 300 mm).	Clima mediterráneo costeiro ou continentalizado.
		Moi escaso: < 300 mm.	Clima mediterráneo subdesértico ou estepario.
		Extremadamente baixo: < 150 mm.	Clima desértico.
	2.2. Distribución	Regular: ningún mes seco.	Clima oceánico.
		Bastante regular: máximo de 2 meses secos.	Clima oceánico de transición cara ao mediterráneo continentalizado.
Irregular: máis de 2 meses secos.		Clima mediterráneo costeiro ou continentalizado.	
2.3. Forma	Moi irregular: máis de 7 meses secos.	Clima mediterráneo subdesértico ou estepario.	
2.3. Forma		Chuvia ou neve. A posibilidade de neve existe cando a temperatura media dos meses do inverno é inferior ou próxima a 0 °C.	

Continua na páx. seguinte.

3. Análise das temperaturas	3.1. Temperatura media anual	Baixa: < 10 °C.	Montaña.
		Fresca: entre 10 °C e 12,5 °C.	Latitude setentrional sen influencia do mar (submeseta norte).
		Moderada: entre 12,5-15 °C.	Costa cantábrica. Bordos do val do Ebro. Submeseta sur excepto Estremadura e Andalucía oriental.
		Cálida: entre 15 °C e 17,5 °C.	Centro do val do Ebro. Estremadura.
		Alta: > 17 °C.	Centro do val do Guadalquivir. Costas mediterránea e suratlántica. Canarias (agás as zonas altas).
	3.2. Amplitude térmica	Costa: ata 15 °C ou 16 °C.	Moi baixa: < 8 °C: Canarias.
			Baixa: entre 9 °C e 12 °C: Costa cantábrica.
			Moderada: entre 12 °C e 15-16 °C: Costa mediterránea e suratlántica.
		Interior: > 16 °C.	Alta: 16-18 °C. Moi alta: máis de 18 °C.
	3.3. Temperatura do verán	Caloroso: algún mes con temperatura media $\geq 22$ °C.	
Cálido: ningún mes con temperatura media $\geq 22$ °C.			
3.4. Temperatura do inverno	Suave: temperatura media do mes máis frío $\geq 10$ °C.		
	Moderado: temperatura media do mes máis frío entre 10 °C e 6 °C.		
	Frío: temperatura media do mes máis frío entre 6 °C e -3 °C.		
4. Análise da aridez	4.1. Aridez mensual	Índice de Gaussen: un mes é árido se: $2 T \geq P$ mm	Entre 0 e 2 meses áridos: clima oceánico.
			Máis de dous meses áridos: climas mediterráneos.
4.2. Aridez xeral	Índice de De Martonne: $\frac{\text{Precipitación total}}{\text{Temperatura media anual} + 10}$	0-5: desértico.	
		5-10: estepario.	
		10-20: semiárido.	
		20-30: semihúmido.	
		Máis de 30: húmido.	
5. Clasificación do clima	<p>Analizadas as precipitacións, as temperaturas e a aridez, hai que establecer:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ O tipo climático: oceánico, mediterráneo, de montaña ou de Canarias.</li> <li>■ Os factores xeográficos e atmosféricos: latitude, relevo, distancia ao mar, anticiclóns, borrascas e fronteas.</li> </ul>		
6. Localización xeográfica do clima	<p>Determinado o tipo de clima, hai que situalo xeograficamente, tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ A amplitude térmica, que indica a posición na costa ou no interior.</li> <li>■ As temperaturas do inverno e do verán, que indican a súa latitude norte ou sur.</li> </ul>		
7. Influencia do clima no medio e a actividade humana	<p>Finalmente, pode analizarse a influencia do clima concreto noutros elementos do medio natural ou nas actividades humanas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Elementos do medio natural como vexetación, augas e solo.</li> <li>■ Actividades humanas, como poboación, agricultura, produción enerxética e turismo.</li> </ul>		

Recomendación: consultade este documento (descargado no voso dispositivo dixital ou impreso en papel) cando realicedes as prácticas de análise e comentario de climogramas.